



Concello de Lugo

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL
Ref: Xuventude
Asunto: Bases Concurso Curtas - Confinamento

BASES DO CERTAME DE CURTAS NO PERÍODO DE CONFINAMENTO

OBXECTO

O Concello de Lugo pon en marcha un certame de curtas para a xuventude de Lugo. O concurso busca aproveitar a experiencia excepcional do confinamento que vive a sociedade actualmente.

Ten, polo tanto, como obxectivo, promover, entre os mozos e mozas, a creatividade, imaxinación e novos quefaceres neste período de confinamento ao que a cidadanía nos vimos abocados tras a declaración do Estado de Alarma como medida de loita contra a expansión do COVID-19. O que se pretende co certame é animar á poboación xuvenil e dar opcións para que aproveiten as horas na casa realizando actividades que lles gusten ao tempo que desenvolven dotes artísticas.

CARACTERÍSTICAS

O certame de curtas está aberto a mozas e mozos de 14 a 35 anos empadroados en Lugo, que estuden ou traballen no municipio; existindo tres categorías, unha para rapaces e rapazas de 14 a 18, outra de 18 a 25 anos, e unha última de 26 a 35 anos.

As categorías son as seguintes:

A.- Rapaces e rapazas de 14 a 18 anos

B.- Mozos e mozas de 18 a 25 anos

C.- Xuventude de 26 a 35 anos

REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As e os participantes compartirán a súa experiencia, inquietudes e reflexións ao redor da situación actual. Excluiranse aqueles traballos que teñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas ou de índole ofensiva.

As curtas, que deberán ser orixinais e inéditas, deberán rodarse no domicilio con calquera dispositivo e non debe superar o minuto de duración. Cada curta deberá ter un título (no caso de non empregar a lingua galega, deberá contar con subtítulos) e presentarse nos seguintes arquivos: MOV, MPEG4, AVI, WMV, MPEGPS, FLV, 3GPP, WebM.

Cada persoa participante poderá concorrer cun único traballo por cada modalidade.

PRAZO

Os traballos deberán presentarse antes das 21:00 horas do domingo, 10 de maio, e deberán remitirse por enderezo electrónico, en arquivo adxunto, a xuventude@lugo.gal. No arquivo adxunto non deberá figurar ningún tipo de indicación da identidade da persoa autora. Os datos particulares (nome, apelidos, teléfono de contacto, dirección postal, centro no que está matriculado, lugar de traballo) irán no corpo do mail.

PREMIOS

Outorgarase tres premios (un por categoría). Os premios basearanse en experiencias de

aventura adecuadas á idade.

XURADO CALIFICADOR

O fallo do xurado valorará preferentemente, ademais da calidade artística do traballo, a orixinalidade e/ou imaxinación, así como o feito de abordar temas que enxalcen a solidariedade humana e a súa capacidade de supervivencia ante dificultades. Estará formado por 3 membros entre persoal do mundo cultural e audiovisual do municipio.

O fallo do xurado emitirase antes do verán e a entrega de premios anunciarase oportunamente.

DISPOSICIÓN FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo.

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo e as e os autores darán consentimento para poder difundilos ou divulgalos.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que serán publicadas en www.concellodelugo.gal, será resolta pola organización.

Lugo, 22 de abril de 2020

A Tenente da Alcaldesa da Área
de Cohesión Social

Asdo.: Ana M^a Gonzalez Abelleira

